

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2018 (Ref 512018001.-Convocatoria Bono-taxi)

PRIMEIRA. - Obxecto da convocatoria

Esta convocatoria ten por obxecto regular a concesión de axudas económicas individuais a persoas con discapacidade que por estar gravemente afectadas na súa mobilidade teñan problemas para utilizar os transportes públicos colectivos, ao obxecto de proporcionarlles un servizo de desprazamentos en taxi.

De conformidade co disposto no art. 56.2 do R.D. 887/2006, esta convocatoria queda condicionada á existencia de crédito idóneo e suficiente no momento de resolución da concesión. O importe máximo da convocatoria é de 125.000,00 €.

SEGUNDA. - Destinatarios/as

Persoas con discapacidade recoñecida polo organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración competente que afecte gravemente á mobilidade e que lles impida utilizar os transportes públicos colectivos sempre que requiran deste medio para o seu desprazamento ao exterior.

TERCEIRA: Requisitos dos solicitantes:

1. Ser maior de 3 anos
2. Residir no Concello da Coruña e constar empadroado desde, polo menos, 6 meses anteriores á data de inicio do prazo de presentación de solicitudes.

O Concello poderá esixir a acreditación documental deste extremo mediante a presentación de recibos de consumo periódico que acrediten o uso habitual da vivenda.
3. Ter recoñecida legalmente a condición de discapacitado polo organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración competente que afecte gravemente á mobilidade e impida utilizar os transportes públicos colectivos.
4. No caso de que a persoa solicitante se atope en activo, non recoñecer este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo.
5. Non ter dereito a este servizo a través de ISFAS, MUFACE ou outra entidade.
6. Se a persoa é maior de 18 anos, non constar como titular de vehículo.
7. Non dispoñer duns ingresos superiores ao 210% do IPREM vixente (13.419,28 € anuais).
8. Estar ao corrente dos seus deberes tributarios, coa seguridade social e coa facenda autonómica e local, e non atoparse inhabilitados para a obtención de subvencións públicas.

Teranse en conta os ingresos do solicitante, e se carecese de ingresos valoraranse os ingresos das persoas das que dependa economicamente (cónxuxe, pais, fillos, titores, gardadores de feito, etc.). Neste caso calcularase a renda per cápita.

Para calcular a capacidade económica anual teranse en conta todos os ingresos dos membros computables da unidade convivencial. Para os efectos deste cálculo son membros computables da unidade convivencial: a persoa solicitante, o cónxuxe ou parella de feito, os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos ou maiores de 25 en situación de discapacidade que dependan economicamente do solicitante.

No caso de que a persoa solicitante tivese cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

Cando o/a solicitante tivese ao seu cargo ascendentes ou fillos menores de 25 anos ou maiores desta idade pero en situación de discapacidade, a súa capacidade económica determinarase dividindo a súa renda e patrimonio entre o número de persoas que dependan economicamente da persoa solicitante.

A capacidade económica calcularase baseándose nos ingresos netos que perciban os membros computables da unidade convivencial, que comprenderán os rendementos de traballo, os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario, os rendementos de actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

CUARTA. - Solicitudes e documentación

A documentación para presentar será a seguinte:

A) PARA PERSOAS QUE PRESENTEN A SOLICITUDE POR PRIMEIRA VEZ OU NON FOSEN BENEFICIARIOS DO BONOTAXI DURANTE O ANO 2017

1. Solicitud debidamente cumprida. Poderán utilizar o modelo xeral ou o específico de servizos domiciliarios. Deberá incluír obrigatoriamente os seguintes datos:
 - Nome e apelidos da solicitante e/ou persoa que exerza a representación.
 - Dirección completa e actualizada a efectos de notificacións.
 - Número de teléfono móbil (obrigatorio).
2. Fotocopia do DNI do solicitante e dos demais membros da unidade familiar.
3. Certificado de discapacidade recoñecida polo organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración competente no que conste que esta afecta gravemente á mobilidade e impide a utilización dos transportes públicos colectivos
4. Declaración de ingresos do solicitante e dos demais membros computables da unidade de convivencia que serán acreditados mediante:
 - certificado de pensións positivo ou negativo (expedido polo INSS ou pola entidade da que proceda), prestacións, nóminas da persoa solicitante e demais membros computables. A declaración ou certificado poderase substituír pola autorización asinada a favor do Concello da Coruña para realizar as comprobacións oportunas (achégase modelo).
 - Fotocopia da declaración da renda ou certificado negativo desta expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) do último exercicio económico, tanto da persoa solicitante como dos restantes membros computables de para os efectos do cálculo da capacidade económica. A declaración ou certificado poderase substituír pola autorización asinada a favor do Concello da Coruña para realizar as comprobacións oportunas (achégase modelo).
5. No caso dos traballadores, declaración responsable de non recoñecer este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título, ou a través de ISFAS, MUFACE ou outras entidades.
6. No caso dos maiores de 18 anos, certificado expedido pola Dirección Xeral de Tráfico acreditativo de que o solicitante non consta como titular de vehículo ningún. O certificado poderase substituír pola autorización asinada a favor do Concello da Coruña para realizar as comprobacións oportunas (achégase modelo).
7. Declaración responsable de non estar incurso o/a solicitante en prohibición para ser beneficiario de subvencións (achégase modelo).

8. Declaración responsable de non ter as solicitante débedas pendentes de pago coa Seguridade Social, a AEAT, a Xunta de Galicia ou o Concello (achégase modelo).

B) PARA PERSOAS QUE FOSEN BENEFICIARIOS DO BONOTAXI DURANTE O ANO 2017

1. Solicitud debidamente cumprida. Poderán utilizar o modelo xeral ou o específico de servizos domiciliarios. Deberá incluír obrigatoriamente os seguintes datos:

- Nome e apelidos da solicitante e/ou persoa que exerza a representación.
- Dirección completa e actualizada a efectos de notificacións.
- Número de teléfono móbil (obrigatorio).

2. Autorización asinada a favor do Concello da Coruña para realizar as comprobacións oportunas dos certificado de pensións positivo ou negativo (expedido polo INSS ou pola entidade da que proceda), prestacións, nóminas, así como a declaración da renda ou certificado negativo desta expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) do último exercicio económico, tanto da persoa solicitante como dos restantes membros computables de para os efectos do cálculo da capacidade económica (achégase modelo).

3. No caso dos maiores de 18 anos, certificado expedido pola Dirección Xeral de Tráfico acreditativo de que o solicitante non consta como titular de vehículo ningún. O certificado poderase substituír pola autorización asinada a favor do Concello da Coruña para realizar as comprobacións oportunas (achégase modelo).

4. Declaración responsable acreditativa de que o resto das circunstancias que implicaron a concesión do beneficio do bonotaxi non foron obxecto de modificacións que fagan necesaria unha nova revisión de dita documentación (achégase modelo).

O resto de documentación necesaria (certificación de percepción de subsidio de compensación de gastos de transporte, certificado de empadramento e documentación acreditativa de ser beneficiario ou non do servizo galego de apoio á mobilidade 065) será solicitado de oficio pola propia administración.

QUINTA. - Contía e modalidade das axudas

O importe global das axudas non poderá superar a cantidade consignada anualmente polo Concello para esta finalidade, e repartirase proporcionalmente entre as persoas beneficiarias, sen que a contía concedida a cada unha delas individualmente supere o importe de 3.000,00 €

Se a persoa beneficiaria é perceptora de axuda do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (065), reducirase ao 50% o importe da axuda para conceder.

Da consignación orzamentaria anual poderá reservarse un 2% para atender necesidades sobrevindas de persoas nas que conorra a seguinte circunstancia:

- Obtención do certificado de discapacidade recoñecida polo organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración competente no que conste que esta afecta gravemente á mobilidade e impide a utilización dos transportes públicos colectivos en data posterior á finalización do prazo común de solicitudes.
- Solicitantes establecidos no termo municipal de A Coruña con posterioridade á convocatoria, circunstancia que deberá acreditarse mediante certificado de empadramento de data posterior ó da publicación da convocatoria e documentación acreditativa de residencia efectiva no Concello de A Coruña. As circunstancias concorrentes serán valoradas polos Servizos Sociais Municipais mediante informe técnico social que o xustifique, no seu caso.

A distribución desta cantidade reservada a situacións sobrevindas realizarase tomando como referencia a cantidade mensual asignada ás persoas beneficiarias que presentaron a solicitude no momento da convocatoria. Asignarase esta cantidade multiplicada polo número de meses existentes desde que se solicita fóra de prazo e ata esgotar o orzamento dispoñible. Poderá incrementarse o crédito en función das dispoñibilidades orzamentarias da partida 51.231.480.06.

SEXTA. - Prazos de solicitude

O prazo de presentación de solicitudes será dun MES contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. As solicitudes a documentación das cales estea completa, resolveranse ata esgotar o 98% do crédito orzamentario dispoñible.

Para as situacións sobrevindas poderá solicitarse en convocatoria extraordinaria ata o 30 de setembro de 2018.

SÉTIMA.- Procedemento de tramitación e resolución

- As solicitudes e documentación correspondentes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, ben directamente ou por calquera dos medios establecidos na vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Se do exame da solicitude e documentación achegada deducísese que é incompleta ou defectuosa, desde o Concello requirirase ao interesado para que no prazo de dez días hábiles achegue os documentos preceptivos ou emende a falta, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, despois de resolución ao respecto.
- A proposta de concesión ou denegación das axudas a que se refire esta convocatoria, realizarase por Servizos Sociais, e publicarase a relación de axudas concedidas e denegadas, nos rexistros municipais, taboleiro de edictos, centros cívicos, páxina web coruna.es e 010.

OITAVA. - Entrega de bono-taxis e axudas concedidas

A) Entrega de "bono-taxis" en soporte papel polo importe total da axuda concedida anualmente, nos prazos que se determinen, que terán validez exclusivamente para o período que neles consígnese.

Os bono-taxi deberán conter:

- a) Valor do bono
- b) DNI e nome do beneficiario
- c) Firma do beneficiario

Os bono-taxi debidamente cumpridos terán que ser entregados ao taxista.

Os bono-taxi expediranse por importe de 0,5 €, 1€ e 3€ O beneficiario achegará a moeda fraccionada correspondente por importe inferior a 0,5 €.

B) Entrega de "bono-taxis" en soporte cartón electrónico, polo importe total da axuda concedida anualmente, nos prazos que se determinen.

As facturas pola utilización do bonotaxi deberán acompañarse dos bonos consumidos. A concesión da axuda do bono-taxi con cargo a esta convocatoria implica a cesión do dereito de cobramento aos taxistas ou aos seus representantes, polo que o pago do orzamento total practicarase efectivamente a estes.

Os taxistas ou os seus representantes facturarán ao Excmo. Concello o importe dos servizos prestados, mediante a presentación das facturas dos bono-taxis entregados polos beneficiarios como pago do servizo, ou ben a acreditación do gasto realizado por medio de cartón electrónico.

NOVENA. - Deber dos beneficiarios

As axudas para o transporte en taxi son persoais e intransferibles. As persoas beneficiarias deberán facer constar a súa firma no bono taxi.

A falsidade dos documentos presentados ou as irregularidades de uso dos bonos entregados, dará lugar ao reintegro do importe dos bonos utilizados e á devolución dos pendentes de uso, así como á reclamación dos intereses de mora correspondentes a computar desde o momento en que teñan lugar os respectivos pagos, sen prexuízo de quedar excluídos en futuras convocatorias.

A Tenente de Alcalde, Responsable da
área de Xustiza Social e Coidados,

Silvia Cameán Calvete

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2018 (Ref 512018001.-Convocatoria Bono-taxi)

A/as persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n ao Concello de A Coruña a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria, información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control de: *Convocatoria de bono-taxi* cando a persoa que figura no apartado poida resultar beneficiaria.

A presente autorización outórgase aos efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención e/ou axuda mencionada anteriormente, e en aplicación do disposto pola *Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998*, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real Decreto Legislativo 3/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Le do Imposto sobre a Renda das Persoas, e o *artigo 95.1 k)* da Lei 58/2003, *Xeral Tributaria*, que permiten, despois de autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: DATOS QUE POSÚA A AXENCIA TRIBUTARIA DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS DO EXERCICIO 2016

APELIDOS E NOME:	
NIF	SINATURA

A. DATOS DOUTROS MEMBROS DA FAMILIA DO SOLICITANTE OS INGRESOS DO CAL SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO E CONTROL DA AXUDA.

PARENTESCO CO SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

A Coruña, de de 2018

NOTA: A autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao CONCELLO DE A CORUÑA

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2018 (Ref 512018001.-Convocatoria Bono-taxi)

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna....., con NIF e domicilio en rúa do municipio da Coruña, actuando no seu propio nome ou en representación de D/Dna con NIF..... e domicilio en rúa, en calidade de titor, gardador de feito ou representante legal.

Declaro:

- Non estar incurso en ningún suposto de prohibición para ser beneficiario/a de subvencións.
- Non ter débedas tributarias coa AEAT, a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña e a Seguridade Social.

A Coruña, de de 2018.

Asinado:

AUTORIZACIÓN

D/Dna....., con NIF e domicilio en rúa do municipio da Coruña, actuando no seu propio nome ou en representación de D/Dna con NIF..... e domicilio en rúa, en calidade de titor, gardador de feito ou representante legal.

EXPÓN:

- Que para os efectos da lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter persoal, o legal representante asinante deste documento, así como calquera outras persoas os datos persoais da cal se recollan no mesmo como beneficiarios, representantes ou persoas de contacto, autorizan ao Excelentísimo Concello da Coruña, a través da súa Oficina Municipal de Dependencia, Maiores e Minusvalías (OMADAP) ou servizo que a substitúa, a incorporar os datos que nos poida proporcionar, ou dos que teñamos coñecemento como consecuencia da relación iniciada a través do propio usuario ou por outros medios con outras entidades ao fin de crear, un ficheiro automatizado responsabilidade do propio Concello da Coruña que ten por finalidade dar cumprimento ás funcións para realizar dentro do proceso de trámite, xestión e prestación de servizos públicos encomendados coa implantación da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de Dependencia e o seu desenvolvemento regulamentario, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal complementario a aqueles.
- Autorizo a que se realicen as verificacións e consultas en ficheiros públicos, necesarios para comparar os datos declarados que obren en poder das Administracións Públicas competentes.
- Autorizo a consultar nos ficheiros da Consellería de Política Social a concesión do servizo de transporte adaptado 065.

Os datos persoais facilitados terán como destinatario á Oficina Municipal de Atención á Dependencia e Promoción da Autonomía Persoal (OMADAP do Excmo. Concello da Coruña, podendo ser incluídos en listaxes de empresas ou persoas contratadas por este concello para a xestión indirecta de servizos ou prestación.

Todo isto tendo en conta as consideracións que en materia de tratamento de datos por parte da Administración e a cesión destes a outras Administracións públicas contéñense na Lei 15/1999 e, en particular, nos seus artigos 6.2, 7.6 e 11.

O beneficiario, representante legal e/ou persoas de contacto afectados polo disposto poderán exercer os dereitos que lle asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición, remitindo comunicación á Oficina Municipal de Dependencia, Maiores e Minusvalía ou servizos que os substitúa.

A Coruña de de 2018

Asinado:

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2018 (Ref 512018001.-Convocatoria Bono-taxi)

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna....., con NIF e domicilio en rúa do municipio da Coruña, actuando no seu propio nome ou en representación de D/Dna con NIF..... e domicilio en rúa, en calidade de titor, gardador de feito ou representante legal.

Declaro:

- Que a documentación presentada para a convocatoria de axudas de bonotaxi para o exercicio 2017 segue a gozar de validez, sen que se producira ningunha modificación posterior que afecte á concesión do mesmo.

A Coruña, de de 2018

Asinado: